

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO DESDE AS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura

Que o instrumento convencional ten por obxecto instrumentar a colaboración da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e da Secretaría Xeral da Emigración, coas entidades galegas no exterior que voluntariamente se adhiran a el para promover e difundir información sobre o Camiño de Santiago e sobre o fenómeno do Ano Santo Xacobeo como centros galegos promotores do Camiño de Santiago.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamente no seguinte:

Conforme o previsto no artigo 7 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas a fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos. Con esta finalidade, poden asinar convenios e protocolos de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, constituída o 13 de novembro de 1991, é unha sociedade anónima de capital público da Xunta de Galicia que comprende dentro do seu obxecto social, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago e entidades de promoción da cultura xacobeá, así como as propostas de actuacións no ámbito da promoción, mantemento e conservación do Camiño de Santiago.
- b) A planificación, programación, proposta, e, se é o caso, execución de actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos anos santos xacobeos.



c) O asesoramento aos distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actuacións que leven a cabo con motivo dos anos santos xacobeos.

A Secretaría Xeral da Emigración, de acordo co establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con estas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

As comunidades galegas, os centros e as casas de Galicia no exterior son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e reforzar os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións reúnen un gran número de persoas galegas, que son as axentes principais a través das que Galicia fomenta a súa cultura. Nestas asociacións, que contan na súa maioría con instalacións propias, existe un crecente interese polo coñecemento do Camiño de Santiago.

Neste contexto, as partes asinantes coinciden en que é necesario xuntar esforzos e exercer unha colaboración que permita que a comunidade galega no exterior coñeza o Camiño de Santiago e o fenómeno do Ano Santo Xacobeo, e poida colaborar na súa promoción e difusión nos lugares nos que teñen a súa sede, mediante a súa adhesión voluntaria ás previsións deste convenio.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

